

SIEVAC
MANUAL DE
SINALIZACIÓN
INTERPRETATIVA PARA
OS ESPAZOS VERDES
DA CORUÑA

MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DA CORUÑA

DECEMBRO 2020
NOVAGARDA



SIEVAC CONTEXTO



A función da sinalética na cidade plural e accesible

A sinalética é a disciplina encargada do deseño e planificación de sistemas funcionais baseados en palabras e signos cuxo propósito é a orientación das persoas no espazo. A súa correcta aplicación proporciona unha maior accesibilidade e seguridade aos movementos e accións que teñen lugar no espazo público.

A persoas necesitamos información clara para situarnos e comprender a nosa contorna física máis inmediata. O uso de signos gráficos como orientación para o viandante é case tan antigo como a nosa civilización. Os nosos antepasados marcaban cruces e frechas nas estradas para indicar as direccións, ou facían sinxelos pictogramas para representar e situar nas portas das casas os oficios artesanais. Non obstante, non foi ata o desenvolvemento das cidades na era moderna, e o auxe da automoción no século pasado, que os signos foron prevalecendo gradualmente no espazo urbano.

É por iso que xurdiu a necesidade dun sistema de sinalización universal, baseado nun conxunto de signos e letras homologados, e unha sinalética, entendida como a súa adaptación específica a un espazo físico máis concreto. É necesario diferenciar o que entendemos por sinalización, cuxa aspiración é crear un sistema normativo de códigos válidos para calquera lugar, da sinalética, que sempre é a resposta concreta a un problema, e que finalmente está supeditada ás características do ambiente. A sinalética parte dunha consideración profunda do contexto, para crear unha construción visual que responda a unha trama sociocultural que deberá ser analizada para conseguir un sistema eficiente e accesible para o usuario.

Debido á proliferación de servizos públicos, ao fluxo crecente de grupos de diferentes procedencias, ou ao aumento da oferta turística e de lecer, o marco das cidades é cada vez máis aberto e plural. Ao ritmo das transformacións da cidade global, aparecen multitude de signos cuxo propósito é situarnos e facilitar a nosa experiencia e interacción co espazo público. E como todas as cidades teñen as súas propias características, o correcto funcionamento dos trazados urbanos complexos requirirá unha sinalética única deseñada para cada caso. Tamén hai que ter en conta que, en sociedades plurais e globalizadas, certos signos poden percibirse de forma diferente segundo os diferentes estratos sociais e convencións culturais, polo que os signos deben construír unha gramática comprensible e que evite a ambigüidade de significado.

Sistema de sinalética

No campo da sinalética, máis alá dos aspectos directamente relacionados coa comunicación visual e o deseño gráfico, hai toda unha serie de principios cognitivos e sensoriais básicos que teñen máis a ver coa Psicología da percepción que nos deben guiar dende o inicio. Por este motivo, para o deseño do actual sistema, seguíronse unha serie de pautas de xustificación obxectiva do discurso gráfico, desde as perspectivas que ofrecen diferentes ramas científicas como son a Óptica, a Semiótica ou a Xeometría.

Poderíase dicir que os sistemas de orientación empregados nos espazos públicos son unha interface, se por este concepto entendemos “a superficie de contacto que permite a conexión física e funcional entre dous sistemas interdependentes”. En efecto, a través dos recursos visuais do sistema de sinalética o usuario accede á información e iso permítelle acceder a servizos ou moverse no espazo.

Este sistema ou interface require unha visualización moi clara, debido á inmediatez que require a súa finalidade como mensaxe. A elección tipográfica, os contrastes de cores, o deseño de cada icona, están suxeitos á súa total lexibilidade e economía da información. Non se debe dicir nin máis nin menos que o necesario, só a información precisa no lugar adecuado.

O deseño dun programa de sinalética implica por iso seguir un método moi definido, unha fórmula que organiza os pasos sucesivos de forma ordenada, abarcando non só as necesidades inicialmente previstas, senón tamén a súa adaptabilidade ás necesidades futuras.

Antes do deseño dos elementos básicos (pictogramas, iconas, palabras, cores e formas básicas, etc.), un sistema de sinalética ocúpase do deseño do patrón estrutural invisible que soporta toda a información. Hai, polo tanto, unha complexa xerarquía que subxace no nivel de información que

o/a usuario/a percibe, a mensaxe final consistente en texto, gráficos e cores nun determinado soporte.

Con este sistema, SIEVAC, preténdese proporcionar ao Concello da Coruña unha ferramenta con múltiples funcionalidades:

- Un programa que permite a cidadanía orientarse e obter en cada punto a información que precisan dos arredores.
- Potenciar a experiencia dos espazos verdes como lugares de reunión e construción comunitaria.
- Fomentar a total accesibilidade e inclusión social dos grupos de poboación funcionalmente máis necesitados, persoas dependentes e maiores.
- Un estándar operativo de funcionamento que facilite as licitacións urbanísticas para espazos verdes, cumprindo a normativa vixente en materia de Uso Público, Seguridade e Accesibilidade Universal.
- Un sistema que aporte uniformidade aos espazos verdes actuais da cidade e que sexa perfectamente válido para futuras actuacións.
- Unha imaxe que permite á cidade posicionarse por un tipo de planificación urbana sostible, na que prevaleza a calidade de vida dos seus habitantes.

A cidade accesible

En base ao exposto ata o de agora, parece claro que as intervencións no espazo público baséanse na xestión de criterios de deseño xenéricos que aspiran a responder ás necesidades básicas das persoas. O espazo público é o noso principal ben colectivo e, polo tanto, debe ser coidado e respectado para garantir a súa sustentabilidade, pero antes de nada, debe estar ben construído, ser operativo e funcional, para que poida ser usado e desfrutado por todos. Esta premisa fundamental, a accesibilidade para todos e cada un dos sectores da poboación, require de toda sinalización a consideración no seu deseño e organización do espazo da diversidade de capacidades e limitacións dos diferentes grupos de persoas que conforman a esfera pública.

En definitiva, a organización do espazo público debe promover a pluralidade e a concorrencia de toda a cidadanía, sen marxinar a ningunha, o que implica deseñar baixo unha perspectiva inclusiva que resolva o problema da accesibilidade. O deseño de cada un dos equipos, o mobiliario, debe responder a este requisito fundamental. Debe basearse na idea de diversidade humana, para facer do espazo público un lugar que xere identidade, responsabilidade ambiental e igualdade social. O deseño que se debe impoñer ao espazo urbano de todos require un estudo dinámico que incorpore a todas as persoas que os utilizan, como parte da realidade observada.

Este imperativo político de “facere cidade” responde á necesidade de xerar espazos urbanos que promovan a igualdade de oportunidades de uso e interacción para todas as persoas, co obxectivo de aumentar a calidade de vida da cidadanía, independentemente das súas capacidades ou limitacións, idade, sexo, raza, crenzas ou estatus social.

O actual sistema de sinalización é unha contribución á creación no espazo público de relacións e dinámicas que favorezan a confluencia social e inclusión da poboación máis vulnerable.

INDEX

- 0. Introducción [Tipografía / Pictogramas / Cromatismo]
- 1. Obxecto e ámbito de aplicación
 - 1.1 Obxecto
 - 1.2 Ámbito de aplicación
- 2. Definicións
- 3. Xeralidades
- 4. Acceso cognitivo
 - 4.1 Contexto
 - 4.2 Palabras e estrutura da frase
 - 4.3 Doada lectura
 - 4.4 Números e datas
 - 4.5 Presentación da sinalización en corpos de texto
 - 4.6 Símbolos e frechas
 - 4.7 Pictogramas
- 5. Acceso visual
 - 5.1 Contexto
 - 5.2 Percepción visual
 - 5.3 Tipografía
 - 5.4 Presentación da sinalización en corpos de texto
 - 5.5 Simboloxía: Utilización Símbolo Internacional Accesibilidade
 - 5.6 Simboloxía: pictogramas
 - 5.7 Simboloxía: frechas
 - 5.8 Imaxes
- 6. Acceso háptico
 - 6.1 Contexto
 - 6.2 Simboloxía e tipografía: altorrelevo
 - 6.3 Braille
 - 6.4 Planos tiflotécnicos
 - 6.5 Sinalización en pavimento
- 7. Acceso auditivo
 - 7.1 Contexto
 - 7.2 Sinalización acústica
 - 7.3 Códigos QR
 - 7.4 Sistema NaviLens
- 8. Acceso físico
 - 8.1 Contexto
 - 8.2 Itinerarios e dimensións
 - 8.3 Situación dos elementos de sinalización
 - 8.4 Elementos horizontais
 - 8.5 Elementos verticais
- 9. Xestión, mantemento e actualizacións
 - 9.1 Acceso cognitivo
 - 9.2 Acceso visual e háptico
 - 9.3 Acceso auditivo
 - 9.4 Acceso físico



SIEVAC

GUÍA DE ACCESIBILIDADE


CRITERIOS XERAIS

0

0

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

INTRODUCCIÓN
[TIPOGRAFÍA / PICTOGRAMAS / CROMATISMO]



Manual de Sinalización Interpretativa para os Espazos Verdes da Coruña (SIEVAC) en materia de accesibilidade universal: física, cognitiva e sensorial. Ditos criterios circunscríbense á aplicación das normativas vixentes na mellora da accesibilidade en espazos públicos e requisitos de rotulación accesible.

Os criterios de accesibilidade serán aplicados, con carácter xenérico e global, a todos os espazos verdes do municipio herculino. Ante casos singulares, aplicarase na medida do posible os requisitos expostos, adoptando a posibilidade de seguir criterios de adecuación efectiva.

O obxectivo de calquera sistema de sinalización é achegar información a todas as persoas. Por tanto, para respectar a diversidade humana, será necesario que esta sinalización ofrezca alternativas diferentes para acceder a información, aplicando criterios de deseño accesible sempre que se poida e, facendo especial fincapé no relativo ás capacidades e habilidades.

Todo sistema de Sinalización Interpretativa disposto nos Espazos Verdes da Coruña, cumprirá criterios accesibles físicos, sensoriais e cognitivos que, en todo caso, seguirán as pautas:

- Información concisa, básica, linguaxe clara sempre. Evitará tecnicismos ou palabras pouco usadas na medida do posible.
- As iconas empregadas deberán ser sinxelas e estar o máis normalizadas, procurando recorrer a pictogramas normalizados existentes.
- Para unha doada identificación visual, as iconas estarán formadas por un máximo de catro elementos. En ningún caso os elementos principais serán de reducido tamaño (inferior a 3 cm).
- As letras, símbolos, frechas, etcétera que se atopen dentro do varrido ergonómico (isto é, a unha altura comprendida entre 90 e 1.75m), estarán en altorrelevo.
- Sempre que sexa posible e coherente, disporase de información simultánea de maneira visual e táctil (Braille e caracteres en altorrelevo). En caso de non ser posible ou viable a información táctil, esta será substituída por información auditiva a través de códigos QR ou sistemas tipo Navilens.

- Precisamente contarán con información visual e táctil aquela sinalización e elementos de rotulación que se atopen dentro do varrido ergonómico. Os elementos de sinalización restantes contarán con sistemas de información visuais e auditivos (non sendo necesaria a súa rotulación en altorrelevo).
- Para poder ter acceso háptico á sinalización que se atope dentro do varrido ergonómico, será necesario que o itinerario ata dito elemento sexa accesible tanto no seu deseño como no mantemento en bo estado do mesmo.
- Para poder ter acceso físico á sinalización que se atope dentro do varrido ergonómico en soportes horizontais ou aqueles que sexan verticais de tipografía inferior á perceptible a unha distancia inferior de 1 metro (segundo o disposto no documento vixente), será necesario que o itinerario ata dito elemento sexa accesible tanto no seu deseño como no mantemento en bo estado do mesmo.
- Para garantir o acceso visual, a sinalización atoparase contrastada cromáticamente segundo os criterios recollidos neste documento do mesmo modo que tamén o farán os seus caracteres e pictogramas, a súa tipografía será accesible, os seus símbolos sinxelos e a unha altura e situación ergonómica e perceptible.
- O acceso cognitivo garantirase con textos de doada lectura na medida do posible en elementos de sinalización con descricións completas e informativas (non só identificativas ou direccionais) así como simboloxía (pictogramas e frechas) comprensibles.

Estrutura. Forma. Sistema.

A serie de soportes verticais propostos para os rótulos de sinalización correspóndense cun deseño no que se busca que as súas características materiais e formais sigan criterios de accesibilidade, neuroarquitectura e da correcta xestión da súa duración material. Todo isto acompañado dun bo deseño dos elementos.

Pénsase en que as estruturas verticais estean conformadas principalmente por materiais que presenten un alto grao de resistencia contra o vandalismo e eviten a acción degradante de contornas altamente agresivas, especialmente naqueles espazos próximos á costa, e que conteñan unha alta carga salina. A procura dunha forma de arestas curvadas correspóndese á seguridade de uso por parte da persoa usuaria así como a que a duración do material, sen sufrir danos, é maior. Para asegurar a seguridade da cidadanía así como para mellorar as condicións de accesibilidade, a estrutura terá un diámetro mínimo de 15 cm, que permita a detección por persoas con maiores dificultades de visión, e unha altura sobre a liña de terra de 220 cm. Desta maneira, cúmprese o estipulado nas normativas correspondentes.

Por exemplo o aceiro inoxidable AISI304 ou AISI316 sempre que se permita un acabado lacado que mellore a súa inercia térmica para a súa experiencia háptica. Outras opcións que se están a contemplar son o ferro curvado ou o alucobond. Por súa vez, esta estrutura vertical estará acompañada de varios brazos (varían segundo o deseño que se está experimentando) cuxa estrutura está composta polo mesmo material. Sobre esta estrutura fixarase o rótulo correspondente coa información que se estime oportuna acompañada de frecha e pictograma onde se requira.

En todo caso, garantirase que o material empregado non producirá reflexos e será de longa duración.

Estase a analizar a posibilidade de incorporar códigos Navilens nos rótulos correspondentes aos brazos ou, no seu lugar, códigos QR sobre o propio soporte vertical a unha altura comprendida no varrido ergonómico. No segundo caso, a súa realización complícase xa que estes códigos QR deberán estar perimetrados por un marco en altoprelo segundo as características de accesibilidade que se precisarán nesta Guía de Sinalización Interpretativa.

En todo caso, as formas propostas permiten a súa adaptación en altura seguindo criterios de homoxeneización, de xeito que facilita a súa accesibilidade cognitiva. O deseño en curvatura dos elementos mellora a percepción psicocognitiva das persoas que perciben a sinalización fronte a deseños en aresta. Ademais, en caso de situarse a sinalización a unha altura comprendida no varrido ergonómico, e segundo o dicta a normativa existente, asegura a súa utilización fronte a posibles danos producidos polas arestas.

Finalmente, estase a experimentar sobre unha paleta de cores que siga os seguintes criterios:

- Estrutura: negro / gris grafito escuro ou verde escuro. A súa elección final responderase coa súa visibilidade.
- Rótulo: o fondo do rótulo manterá a cor escollida para a estrutura. Os símbolos e tipografía empregarán cores contrastadas cromaticamente co fondo como pode ser o branco (na meirande parte dos elementos e tipografías) e cores de apoio cognitivo como o laranxa neón ou azul neón onde o requira (estes criterios recóllense no apartado correspondente de accesibilidade “acceso cognitivo” e “acceso visual” do manual).

Tipografía.

A tipografía **FF Transit** é un deseño altamente lexible que funciona ben para os/as lectores/as que precisan unha orientación rápida mentres realizan a ruta.

Desenvolvida para combinar calidade estética con lexibilidade, foi creada orixinariamente por MetaDesign en Berlín para uso oficial dos Servizos de Transporte Público de Berlín (BVG) e do Aeroporto de Düsseldorf.

Baseada nas proporcións de Frutiger (con licenza de Linotype), debuxouse recentemente nunha versión estreita con cursiva orixinal. O deseño incluía moitas variantes feitas para cumprir cos rigorosos estándares dun sistema de sinalización complexo.

Os estilos marcados como Frontal e Posterior son variacións sutís que compensan a distorsión visual que aparece nos letreiros que poidan estar iluminados desde a parte frontal con iluminación externa. Estas variantes tamén poden ser útiles para compensar a diferenza de peso percibida ao configurar o texto branco sobre un fondo negro, resultando unha tipografía de excelente visibilidade e diferenciación de caracteres.

Tipografía.

FF TRANSIT
ESTILOS
PERMITIDOS

FF Transit Regular

FF Transit Front Negativ

FF Transit Bold

FF TRANSIT
Regular
46 PT

Parque
de San Pedro

FF TRANSIT
Front Negativ
46 PT

Parque
de San Pedro

FF TRANSIT
Bold
46 PT

Parque
de San Pedro

FF TRANSIT
REGULAR
100 PT

A B C D E F
G H I J K L
M N Ñ O P
Q R S T U
V W X Y Z

FF TRANSIT
REGULAR
100 PT

abcdef

ghijkl

mnop

qrstu

vwxxyz

FF TRANSIT
FRONT NEGATIV
100 PT

A B C D E F
G H I J K L
M N Ñ O P
Q R S T U
V W X Y Z

FF TRANSIT
FRONT NEGATIV
100 PT

abcdef

ghijkl

mnop

qrstu

vwxxyz

FF TRANSIT
BOLD
100 PT

A B C D E F
G H I J K L
M N Ñ O P
Q R S T U
V W X Y Z

FF TRANSIT
BOLD
100 PT

abcdef

ghijkl

mnop

qrstu

vwxxyz

FF TRANSIT
REGULAR
100 PT

12345
67890


FF TRANSIT
FRONT NEGATIV
100 PT

12345
67890

FF TRANSIT
BOLD
100 PT

12345
67890

FF TRANSIT
BOLD
100 PT



Pictogramas.

A correcta sinalización axuda a tódalas persoas a unha boa situación e comprensión dos espazos, á marxe das características e condicións destes últimos, para lograr unha plena comunicación entre a contorna e os sistemas gráficos empregados.

Un dos elementos máis importantes na sinalización é o pictograma. Este funciona como o elemento de referencia nos espazos así como na súa relación con outros próximos ou vencellados. Dado que as zonas verdes son consideradas contornas de uso público, deben empregarse pictogramas de sinalización universal mediante un sistema estándar (sempre que se poida).

Por tanto, este tipo de pictograma emprégase cando non se require unha capacitación específica para poder comprendelos e usalos, dirixíndose á meirande parte da poboación.

Estamos traballando e adaptando os pictogramas estandarizados que poden ser empregados nos espazos que nos interesan. No caso de deseñar novos pictogramas, estes serán validados, é dicir, comprobados para que se entendan e perciban visualmente (recomendación da norma ISO 9186).

En todo caso, se o pictograma vai acompañado dunha equivalencia verbal, esta seguirá criterios de doada lectura, evitando tecnicismos ou palabras pouco empregadas, así como se acollerá ao disposto na normativa de igualdade de xénero (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Lei 2,2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e intersexuais en Galicia, entre outras) así como na normativa do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Cromatismo.

Para unha boa percepción visual, é importante coidar a gama cromática empregada. Con carácter xeral, calquera elemento de sinalización debe contrastar cromaticamente co paramento onde se sitúe. O caso do SIEVAC pon de manifesto a necesidade de avanzar na percepción visual de elementos de sinalización tamén en espazos abertos.

Deste modo, estúdase o cromatismo das contornas dos espazos verdes. En primeiro lugar, co fin de facilitar a percepción do rótulo a través do soporte para, a continuación, acceder á información incluída nel. De maneira transversal a isto, contéplase a elección cromática respetando a contorna, de xeito que se atope integrada en todos os espazos, sen prexuízo de danar a imaxe ambiental da cidade.

Tendo en conta estes criterios e para a adecuada identificación e lectura dos elementos de sinalización, a elección cromática correspóndese a criterios nos cales o grao de contraste pertencente entre a figura e o fondo, así como do fondo (estrutura do soporte) coa contorna sexa dun 60% (criterios UNE 1700002:2009).

Ademais, máis alá da accesibilidade sensorial visual, para mellorar a súa comprensión e accesibilidade cognitiva, establécese un número máximo de 4 cores co fin de simplificar e identificar elementos segundo tipos (como sucede no aeroporto de Amsterdam-Schiphol, exemplo de boa accesibilidade cognitiva).

Razón do exposto é a elección das seguintes cores:

- Gris grafito escuro (RAL 9011): para os elementos de soporte con acabado mate (ou cun factor de pulimento inferior ao 15%). Trátase dunha cor que contrasta coa contorna, non produce reflexos nin complica a visión para persoas con fotosensibilidade. Ademais, tecnicamente, trátase dun acabado doado de conseguir e manter.
- Branco (100% branco): para os caracteres principais.


Asegúrase desta maneira o contraste máximo entre soporte e texto. Estudos científicos demostran que a lectura en negativo é máis doada en elementos de sinalización. Tamén se estuda a posibilidade de que os pictogramas sexan en branco.

- Laranxa 805C e azul-100% cyan: en elementos a resaltar. A diferenciación sobre a globalidade permite chamar a atención naqueles elementos de sinalización conflitivos ou de maior importancia. En todo caso, asegúrase un contraste sobre o fondo dun 60%.
- Verde 375C: Restringido ao logotipo-símbolo do "C" en referencia á área de Medio Ambiente dentro das normas do manual xeral do Concello da Coruña.



COR SISTEMA 1
COR BASE / FONDOS

90% NEGRO
RAL 9011



COR SISTEMA 1
COR BASE / FONDOS

90% NEGRO
RAL 9011


COR SISTEMA 1
TEXTOS / PICTOGRAMAS BÁSICOS
BRANCO



COR SISTEMA 1
COR BASE / FONDOS

90% NEGRO
RAL 9011


COR SISTEMA 2
LOGO CONCELLO / ELEMENTOS VARIOS
PANTONE → Process Cyan C



COLOR SISTEMA 1
COR BASE / FONDOS

90% NEGRO
RAL 9011

COR SISTEMA 3
COR ICONO "C" CORPORATIVA
CONCELLO MEDIO AMBIENTE
PANTONE -> 375 C



1

1

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

OBXETO

O obxecto do presente documento é especificar os requisitos e criterios que debe cumprir a Sinalización Interpretativa nos Espazos Verdes da Coruña (SIEVAC) en materia de Accesibilidade Universal. Isto é: accesibilidade física, cognitiva, sensorial e orgánica. Ditos criterios circunscríbense á aplicación das normativas vixentes na mellora da accesibilidade en espazos públicos e requisitos de rotulación accesible así como á experiencia adquirida das persoas profesionais que desenvolven esta guía en canto á relación do deseño gráfico coa experiencia das persoas que precisan de maiores necesidades físicas, cognitivas, sensoriais ou orgánicas.

Todo sistema de sinalización e comunicación a disposición das persoas que conteña elementos visuais, sonoros ou táctiles deberá incorporar criterios de deseño para todas as persoas. Garantirase o acceso á información e á comunicación básica e esencial a toda a cidadanía coa maior igualdade, ou equidade, posible de oportunidades. Coa mellora da accesibilidade na sinalización dos espazos verdes, preténdese homoxeneizar sinais, rótulos, mesas interpretativas e demais elementos de sinalización da cidade herculina.

Coa estratexia de homoxeneización, ao unificar todos os sistemas sinalizadores existentes na actualidade nos espazos verdes, conséguese unha mellora da accesibilidade cognitiva xa que se establece un criterio en común en todos os elementos. Isto é mester especialmente nos gráficos, pois son os que supoñen maior confusión cognitiva para todas as persoas -estean ou non en situación de discapacidade-.

Por tanto, este manual incorpora todos os aspectos gráficos e técnicos en relación coa Sinalización Interpretativa dos Espazos Verdes da Coruña incluíndo, como novidade, a adopción de criterios de accesibilidade universal para que todas as persoas poidan participar en igualdade de condicións nas contornas obxecto desta guía. Este manual pretende unificar todos os sistemas sinalizadores existentes na actualidade e subsanar os déficits detectados nalgunhas sinalizacións así como na súa situación e/ou emprazamento. Estes criterios non se aplicarán a sinais luminosos nin de emerxencia.

1.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Partindo da premisa inicial, onde unha boa sinalización, accesible e homoxeneizada axuda a todas as persoas a orientarse, deambular e comprender os espazos, é mester prestar atención a todos os ámbitos implicados no proceso: contorna, comunicación coa contorna e sistemas gráficos empregados.

En canto aos sistemas gráficos empregados, obxecto desta guía, aplicarase a todos os espazos verdes da cidade herculina a norma ISO 9186 así como se acollerá ao disposto na normativa de igualdade de xénero (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Lei 2,2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e intersexuais en Galicia, entre outras) así como na normativa do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. A aplicación desta guía realizarase non só no soporte, senón tamén no contido da sinalización. Isto é, textos, frechas, pictogramas... segundo os criterios que se recollen os capítulos vindeiros.

É importante destacar que se deberá prestar especial atención ao pictograma. Este funciona como o elemento de referencia nos espazos dos ámbitos obxecto do presente documento así como na súa relación con outros próximos ou vencellados. Dado que as zonas verdes son consideradas contornas de uso público, deben empregarse pictogramas de sinalización universal mediante un sistema estándar (sempre que se poida). Por tanto, este tipo de pictograma emprégase cando non se require unha capacitación específica para poder comprendelos e usalos, dirixíndose á meirande parte da poboación. Estamos traballando e adaptando os pictogramas estandarizados que poden ser empregados nos espazos que nos interesan.

En caso de deseñar novos pictogramas, estes serán validados, é dicir, comprobados para que se entendan e perciban visualmente (recomendación da norma ISO 9186).

2

2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

DEFINICIÓNS

2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

DEFINICIÓNS

- **Accesibilidade Universal:** condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- **Acceso auditivo:** estancia nun espazo físico e captación da información a través do sentido do oído.
- **Acceso cognitivo:** estancia nun espazo físico e captación da información a través da súa comprensión.
- **Acceso físico:** estancia nun espazo físico e captación da información a través da aproximación corporal.
- **Acceso háptico:** estancia nun espazo físico e captación da información mediante o sentido do tacto.
- **Acceso orgánico:** estancia nun espazo físico e captación da información sen que supoña un deterioro nas capacidades dos órganos internos.
- **Acceso sensorial:** estancia nun espazo físico e captación da información a través dos órganos dos sentidos.
- **Acceso visual:** captación da información mediante o sentido da vista.
- **Adecuación efectiva:** é o resultado de solucións técnicas que se recollen no documento de apoio CTE DA DB-SUA/2. O obxecto de dito documento é proporcionar criterios de flexibilidade para a adecuación efectiva dos edificios e establecementos existentes ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade e, desta maneira, levando a cabo os axustes razoables propicios.
- **Axuste razoable:** modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas do medio ambiente físico, social e de actitude ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular de maneira eficaz e práctica, para facilitar a accesibilidade e participación e para garantir ás persoas con discapacidade o goce ou exercicio, en igualdade de condicións que as demais, de todos os dereitos.

2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

DEFINICIÓNS

- **Branco interno:** espazo interior no impreso de cada carácter tipográfico.
- **Carga desproporcionada:** criterios empregados para saber se un axuste é razoable ou non. Estes criterios son: os custos da medida, os efectos discriminatorios que supoñan para persoas con discapacidade a non adopción, a estrutura e características da persoa, entidade ou organización que a porá en práctica e a posibilidade que teña de conseguir financiación oficial ou calquera outra axuda.
- **Criterios DALCo:** conxunto de requisitos relativos ás accións de deambulación, aprehensión, localización e comunicación, que se deben satisfacer para garantir a accesibilidade universal.
- **Deficiencia:** anormalidade ou perda dunha estrutura corporal ou dunha función fisiolóxica.
- **Discapacidade:** termo xenérico que inclúe déficits, limitacións na actividade ou restricións na participación dunha persoa coa contorna.
- **Doada lectura:** adaptación lingüística e tipográfica dun texto co fin de facelo máis doado de ler e comprender. Trátase dun método que recolle un conxunto de pautas e recomendacións relativas á redacción de textos, ao deseño/maquetaxe de documentos e a validación da comprensibilidade dos mesmos, destinado a facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora.
- **Glosa:** explicación dunha palabra o expresión de certa complexidade que se sitúa próxima a dita palabra ou expresión.
- **Icona:** signo que mantén unha relación de semellanza co obxecto representado.
- **Itinerario accesible:** itinerario que, considerando a súa utilización en ambos sentidos, sexa garantía de continuidade na accesibilidade dos espazos públicos*.

*Para iso, cumprirá co disposto na Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

DEFINICIÓNS

- **Pau seco:** tipografía cuxos caracteres son de trazos uniformes e carecen de remates ou adornos nos seus extremos. En termos anglosaxóns, tipografías tipo Sans Serif. Por exemplo:



Tipografía con serifa (esquerda) e tipografía sen serifa de pau seco (dereita)

- **Pictograma:** formalización icónica dunha información. Ten por obxecto substituír un texto por unha imaxe asociada ao seu significado. Permite informar de modo inmediato, por medio de elementos simples, a un público heteroxéneo, mantendo unha linguaxe universal para superar barreiras idiomáticas, culturais e/ou cognitivas.
- **Pictograma normalizado:** formalización icónica dunha información de maneira regularizada ou tipificada para a maioría da poboación.



Discapacidade auditiva

2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

DEFINICIÓNS

- **Pictograma de comunicación aumentativa e alternativa:** representación icónica dunha información a través de debuxos, fotografías ou imaxes para un grupo determinado da poboación con dificultade de comunicación.



Discapacidade auditiva

- **Tipografía condensada:** tipografía de ollo estreito e alongado verticalmente, creada con esa configuración polo/a deseñador/a da mesma.
- **Tipografía expandida:** tipografía de ollo ancho e alongado horizontalmente, creada con esa configuración polo deseñador/a da mesma.
- **Tipografía redonda, fina, seminegra, negra:** peso dunha letra determinado pola anchura do trazo base co que se constrúe.
- **Validación (Doda lectura):** proceso guiado da avaliación da comprensibilidade dun documento en Doda Lectura, que ten que realizarse polos usuarios finais.
- **Varrido ergonómico:** área de alcance normalizado das mans, normalmente para a aprehensión ou tacto de elementos (Altura e ancho segundo a normativa UNE 170002:2009).

3

3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

XERALIDADES



3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

XERALIDADES

O obxectivo de calquera sistema de sinalización é aportar información a todas as persoas. Por tanto, para respectar á diversidade humana, será necesario que esta sinalización ofrezca alternativas diferentes para acceder á información, aplicando criterios de deseño para todas as persoas sempre que se poida, facendo fincapé no relativo ás capacidades e habilidades.

Todo sistema de Sinalización Interpretativa disposta nos Espazos Verdes da Coruña (SIEVAC) cumprirá con criterios de accesibilidade física, sensorial e cognitiva que, en todo caso, seguirá as seguintes pautas:

3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

XERALIDADES

- En todo itinerario peonil accesible, as persoas deberán ter acceso á información necesaria para orientarse de maneira eficaz durante todo o traxecto e, así, poder localizar os distintos espazos e equipamentos de interese nas áreas verdes.
- Esta información deberá ser comunicada de maneira análoga a través dun sistema de sinais, rótulos e indicadores.
- Este sistema de comunicación estará distribuído de maneira sistematizada nas áreas de uso peonil segundo os criterios que se establecen neste documento.
- En todo caso, estarán deseñados e instalados co fin de garantir unha doada comprensión lectora en todo momento.
- Para acadar a súa doada comprensión lectora, será necesario que a información sexa concisa, básica e con linguaxe clara. Evitará, na medida do posible, tecnicismos ou palabras pouco usadas.
- As iconas empregadas deberán ser sinxelas e estar o máis normalizadas posible, procurando usar pictogramas normalizados existentes.
- Para unha doada identificación visual, as iconas estarán formadas por un máximo de catro elementos.
- En ningún caso ningún dos elementos principais que compoñen o pictograma será de tamaño reducido (inferior a 3 centímetros en cada unha das súas dimensións bidireccionais).

3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

XERALIDADES

- As letras, símbolos, frechas, etcétera que se atopan dentro do varrido ergonómico (isto é, a unha altura comprendida entre 90 centímetros e 1.75 metros), estarán en altorrelevo segundo as características que se desenvolven neste documento.
- Ademais, sempre que sexa posible, disporase de información simultánea de maneira visual e táctil (Braille e caracteres en altorrelevo).
- En caso de que a sinalización se atope fóra do varrido ergonómico ou non ser posible ou viable dispor de información táctil, esta será substituída por información auditiva a través de códigos QR ou de sistemas tipo NaviLens. Así, xustifícase que os elementos de sinalización que non estean dentro do varrido ergonómico non teñan por que contar con rotulación en altorrelevo e Braille.
- Os rótulos de sinalización direccional, informativa, orientativa... seguirán a seguinte orde de esquerda a dereita:
 - Frecha de dirección – texto – símbolo (pictograma): se o elemento a sinalizar se atopa de fronte ou á esquerda do soporte.
 - Símbolo (pictograma) – texto – frecha de dirección: se o elemento a sinalizar se atopa á dereita do soporte.

3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

XERALIDADES

CONCLUSIÓNS

- O acceso cognitivo garantirase con textos en lectura sinxela en todos os elementos de sinalización con descrições completas e informativas (non só identificativas ou direccionais) así como con simboloxía (pictogramas e frechas) comprensibles. Recoméndase o emprego de textos en Doadá lectura, cuxo contido estará validado por persoas usuarias deste tipo de lectura, en toda aquela sinalización que conte con descrición informativa que poida resultar complexa para determinadas persoas usuarias. As características desenvólvense no capítulo “Acceso cognitivo”.
- Para garantir o acceso visual, a sinalización atoparase contrastada cromaticamente segundo os criterios recollidos neste documento do mesmo modo que tamén o farán os seus caracteres e pictogramas. A súa tipografía será accesible, os seus símbolos sinxelos e estará situada a unha altura e situación ergonómica e perceptible.
- Para poder ter acceso háptico á sinalización que se atope dentro do varrido ergonómico, ademais de cumprir coas características que se especifican neste documento, será necesario que o itinerario ata dita sinalización sexa accesible tanto no seu deseño como no mantemento en bo estado da mesma.
- Garantirase o acceso auditivo dos códigos QR e sistemas tipo NaviLens para que a información poida ser recibida en diferentes idiomas e modos de lectura e comprensión.
- Para poder ter acceso físico á sinalización que se atope dentro do varrido ergonómico en soportes horizontais ou en aqueles que sexan verticais de aproximación a unha distancia inferior de 1 metro, será necesario que o itinerario ata dito elemento sexa accesible tanto no seu deseño como no seu mantemento en bo estado.

As características e información detalladas dos criterios enumerados serán explicados nos capítulos que se recollen a continuación.

4

4

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO



4.1

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

CONTEXTO

O acceso cognitivo á información non só está dirixido aos grupos sociais con dificultades no proceso de aprendizaxe e comprensión que ten como consecuencia o incompleto desenvolvemento intelectual, senón tamén a toda a poboación con culturas diferentes e, por extenso, con habilidades distintas.

Entre os grupos que máis requiren deste tipo de accesibilidade podemos atopar aqueles con: discapacidade intelectual, discapacidade auditiva, proceso de envellecemento, trastornos específicos da linguaxe, dano cerebral sobredito, trastorno do espectro autista, trastorno mental, trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade, dificultades de aprendizaxe da lectura, descoñecemento do idioma, baixo nivel de alfabetización...

A través da accesibilidade cognitiva acádase a doada comprensión e comunicación das contornas, procesos, actividades, bens, produtos, servizos, obxectos e instrumentos.

Pódese dicir que os elementos principais que compoñen a accesibilidade cognitiva son a lectura sinxela e a simboloxía a través dos pictogramas. Por tanto, ambos son de aplicación nos rótulos, textos, documentos escritos e todos aqueles elementos de información, independentemente do soporte no que se presenten.

Desta maneira, elimínanse as barreiras de comunicación, gozando dun deseño para todas as persoas e en igualdade de oportunidades na participación cidadá.

A continuación recóllense os criterios que deberá seguir toda sinalización para a súa accesibilidade cognitiva.

Ademais, recoméndase o emprego de textos en Doada lectura, cuxo contido estará validado por persoas usuarias deste tipo de lectura, en toda aquela sinalización que conte con descrición informativa que poida resultar complexa para determinadas persoas usuarias. Neste capítulo, descríbense as condicións que terán aquelas sinalizacións que conten con Doada Lectura. En caso de dúbida, seguiranse as pautas da UNE 153101 EX, recomendándose contar coa axuda e supervisión de especialistas en accesibilidade cognitiva ou accesibilidade universal.

4.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PALABRAS E ESTRUCTURA DA FRASE

- As palabras que formen parte dos elementos de sinalización serán sinxelas, evitando tecnicismos ou palabras de pouco uso. Por tanto, en caso de dúbida ante que palabra empregar, incorporárase aquela de maior uso na fala cotiá.
- En caso de ser necesario o uso dun tecnicismo ou palabra pouco empregada, incorporárase ao final do texto unha glosa co seu significado.
- Debe procurarse que aporten información sen ambigüidades.
- No caso de empregar palabras co mesmo son ou a mesma grafía como son as palabras homófonas ou homógrafas, pero con varios significados, o texto redactarase de xeito que o significado quede explícito. Por exemplo:

INCORRECTO: As pólas embelecen a paisaxe na primavera.

CORRECTO: As pólas das árbores embelecen a paisaxe na primavera.

MOI CORRECTO: As pólas das árbores embelecen a paisaxe na primavera co nacemento das súas flores.

- Ademais, evitarase o uso de palabras moi longas ou que conteñan sílabas complexas. Por exemplo:

INCORRECTO: Atopará os sinais de saída na periferia do parque.

CORRECTO: Atopará os sinais de saída nas aforas do parque.

- Non se usarán adverbios rematados en –mente nin superlativos. Por exemplo:

INCORRECTO: Xeralmente, as andoriñas viaxan rapidísimo na primavera ao norte.

CORRECTO: En xeral, as andoriñas viaxan moi rápido na primavera ao norte.

4.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PALABRAS E ESTRUCTURA DA FRASE

- O uso de palabras noutros idiomas que non sexan de uso común (Wifi ou Whatsapp si o son), as abreviaturas e as siglas dificultan a súa comprensión. Por tanto, empregaranse palabras en galego, completas ou a escritura total da sigla nos textos.
- En todo caso, o emprego de siglas ou acrónimos poderase realizar sempre e cando se explique nun primeiro momento a súa composición. Por exemplo:

INCORRECTO: Este documento pretende establecer as pautas de accesibilidade para o SIEVAC. O SIEVAC é de cumprimento en toda a cidade da Coruña.

CORRECTO: Este documento pretende establecer as pautas de accesibilidade para a Sinalización Interpretativa para os Espazos Verdes da Coruña (de aquí en adiante SIEVAC). O SIEVAC é de cumprimento en toda a cidade da Coruña.

- Empregarase a mesma palabra para denominar o mesmo obxecto, evitando sinónimos. Por exemplo:

INCORRECTO: Debe recoller as necesidades do seu can. Os excrementos poden ser pisados.

CORRECTO: Debe recoller os excrementos do seu can. Os excrementos poden ser pisados.

- Todas as frases serán afirmativas a excepción de casos de prohibición sinxela onde a negación será clara e directa. Por exemplo:

INCORRECTO: Non se poden coller as flores.

CORRECTO: Non coller flores.

- Deberase utilizar sempre que sexa posible o presente de indicativo. As oracións impersonais e con xerundio evitaranse na medida do posible.
- En todo caso, non se empregará a voz pasiva nin pasiva reflexa.

4.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PALABRAS E ESTRUCTURA DA FRASE

- Empregarase unha linguaxe non sexista e non discriminatoria. Utilizarase unha linguaxe inclusiva e non sexista.
- Deberase recorrer a xenéricos de uso frecuente e doados de comprender, desdobrando nomes e adxectivos e empregando a palabra “persoa” diante do adxectivo ou nome.
- Darase, en todo caso, cumprimento á normativa de Igualdade de Xénero (Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social e Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, entre outras). Por exemplo:

INCORRECTO: Os discapacitados poderán facer uso das instalacións.

CORRECTO: As persoas con discapacidade poderán facer uso das instalacións.

MOI CORRECTO (información completa e verídica. Esta é a información máis correcta no caso de que o espazo conte con accesibilidade física pero non sensorial ou cognitiva): As persoas con discapacidade física poderán facer uso das instalacións de maneira autónoma. As persoas con discapacidade sensorial necesitarán de acompañante.

4.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

CONCLUSIÓN

En todo caso, cando a sinalización conteña información que deba ser expresada a través de frases (directorios, horarios, instrucións ou situación dos espazos, seguridade...), estas elaboraranse segundo criterios de linguaxe clara e comprensible e baixo a sintaxe:

suxeito + predicado (verbo + complementos)

4.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

DOADA LECTURA

Trátase dunha ferramenta que mellora a comprensión da información, garantindo o exercicio dos dereitos recollidos na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (ratificada en España en 2008), xeralmente para os grupos de persoas que, por diferentes causas, presentan dificultades na comprensión lectora. En todo caso, procurarase que todos os textos da sinalización sigan as seguintes pautas:

- Non se escribirán palabras nin frases en maiúsculas, excepto cando se trate de siglas.
- A maiúscula só se utilizará en siglas, ao comezo dun parágrafo ou título, despois de punto ou en nomes propios.
- O texto sempre se organizará en ideas principais e secundarias: a idea principal comezará cada parágrafo. As secundarias desenvolveranse a continuación.
- Cada idea principal constituirá un parágrafo e, por tanto, empregarase o punto e á parte para separar frases ou oracións con ideas diferentes. Nunca se describirán dúas ideas na mesma frase.
- En caso de que o texto relate a orde dun acontecemento, deberase manter o fío temporal con adverbios ou expresións temporais como son antes, durante, despois, ao final.
- Evitar o símbolo da coma (,). Procurarase substituír as ideas relacionadas cun punto e seguido. Por exemplo:

INCORRECTO: Xa que facía bo día, María foi visitar a Torre de Hércules.

CORRECTO: Facía bo día. Por iso, María foi visitar a Torre de Hércules.

MOI CORRECTO: María foi visitar a Torre de Hércules porque facía bo día.

- Evitar na medida do posible o punto e coma (;). No seu lugar introducir puntos ou conxuncións.

4.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

DOADA LECTURA

- Os dous puntos (:) empregaranse cando se introduce unha lista de máis de tres elementos. Por exemplo:
 - Accesibilidade cognitiva,
 - Accesibilidade sensorial visual,
 - Accesibilidade sensorial háptica,
 - Accesibilidade sensorial auditiva,
 - Accesibilidade física,
 - Accesibilidade orgánica.

- Evitarase o uso de parénteses (), corchetes [] ou signos pouco habituais.

- Evitaranse as aspas («españolas», “inglesas” e ‘inglesas simples’). No caso de que sexan necesarias, como nunha cita, irán acompañadas de explicación. Por exemplo:

INCORRECTO: Descartes dixo “Penso, logo existo”.

CORRECTO: O filósofo Descartes dixo: “Penso, logo existo”

INCORRECTO: Xurxo dixo: “María foi visitar a Torre de Hércules porque facía bo día”.

CORRECTO: Xurxo dixo que María foi visitar a Torre de Hércules porque facía bo día.

- As frases nunca serán nominais nin contarán con usos nominais dos adxectivos nin dos verbos cando o resultado sexa unha expresión metafórica ou abstracta. Por exemplo:

INCORRECTO: No recinto hai dous parques infantís.
O grande é accesible.

CORRECTO: No recinto hai dous parques infantís.
O parque grande é accesible.

INCORRECTO: Pisar o céspede está prohibido.

CORRECTO: Prohibido pisar o céspede.

4.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓN

Os criterios anteriores son de aplicación en todos os elementos de sinalización. Ademais, en elementos de sinalización con descrições completas ou complexas, recoméndase incluír un texto en doada lectura ao final.

Precisamente, recoméndase o emprego de textos en Doda lectura en toda aquela sinalización que conte con descrição informativa que poida resultar complexa para determinadas persoas usuarias. En todo caso seguiranse as pautas da UNE 153101 EX. Neste caso, será importante que os textos en doada lectura realicen a fase de validación por parte de validadores, é dicir, persoas usuarias deste tipo de texto.

4.4

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

NÚMEROS E DATAS

Terase en consideración:

- Os números escribíranse en cifra, sobre todo aqueles con moitos díxitos.
- Ademais, evítase o uso de números ordinais (1º), de porcentaxes ou fraccións (no seu lugar, describir a súa equivalencia ou explicación).

INCORRECTO: A árbore que ve á súa dereita ten 47,50m. de altura, un 50% máis do que as demais. É dicir, como se vostede vivise na 16ª planta dun edificio.

CORRECTO: A árbore que ve á súa dereita ten 47,50 metros de altura. Mide o dobre do que as demais. Con esa altura, é como se vivise na planta número 16 dun edificio.

- Os datos numéricos (alturas, anchos...) respecto ao elemento que se quere describir (árbore, fauna...) acompañaranse dun debuxo en alzado, planta,... e estarán acotados. → **ver páx.62**
- As datas serán escritas con data completa, evitando guións e barras:

INCORRECTO: Parque inaugurado o 12/03/1993.

CORRECTO: Parque inaugurado o 12 de marzo de 1993.

- Recoméndase que no caso de números romanos, por exemplo séculos, estes sexan acompañados da súa correspondencia en texto.

INCORRECTO: No século XX inaugurouse este parque.

CORRECTO: No século XX (século vinte) inaugurouse este parque.

4.4

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

NÚMEROS
E DATAS



4.5

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PRESENTACIÓN DA SINALIZACIÓN EN CORPOS DE TEXTO

Os corpos de texto dos sinais seguirán os seguintes criterios:

- En caso de que a sinalización conte con descrições e non só con títulos, deberanse establecer divisións do texto a modo de:

Título (Tamaño maior. Mesma cor).

Subtítulo (Tamaño medio. Mesma cor). Os subtítulos só se poderán empregar se existe corpo de texto.

Corpo de texto (Tamaño menor. Mesma cor).

Glosas (Tamaño dúas veces menor. Mesma cor).

- Aínda así, na medida do posible simplificarase o texto para que só conte con Títulos e Corpo de texto.
- En todo caso, evitarase a utilización de guións ao final da liña que partan a palabra.
- En elementos de sinalización con descrições completas ou complexas, recoméndase incluír un texto en doada lectura ao final.
→ [ver páx.65](#)

4.5

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PRESENTACIÓN DA SINALIZACIÓN EN CORPOS DE TEXTO

TORRE DE HÉRCULES

Situada entre a enseada do Orzán e o Golfo Ártabro, destaca a torre de Hércules, o faro máis antigo do mundo aínda en funcionamento.

Séculos antes de Cristo, había na baía da Coruña unha cidade de orixe celta coñecida como Brigantia onde vivían os ártabros. Debido á súa situación estratéxica, a torre de Hércules foi construída para guiar os barcos que navegaban ás Illas Británicas en busca de estaño, cobre e ferro.

O seu autor foi o arquitecto Cayo Servio Lupo que dedica a súa obra ao deus da guerra Marte, tal e como se pode ler nunha inscrición ao pé da torre. A torre de Hércules serviu como faro durante os séculos da romanización, ata que no século V os ataques normandos obrigaron aos habitantes desa primitiva poboación chamada Brigantia a abandonala e refuxiarse no seu interior.

É no século XIII cando Alfonso IX reconstruíu e poboou o antigo porto, dándolle o nome de Crunia. Comezan así séculos de prosperidade e crecemento fomentados polo comercio marítimo. Non obstante, a torre de Hércules segue abandonada e no século XVI unha boa parte das súas pedras usáronse para construír o castelo de Santo Antón e as murallas que defenderían a cidade dos ataques ingleses.

Haberá que agardar ata o século XVIII para ver como a torre recupera o seu protagonismo e funciona como faro. Naquel momento, A Coruña vivía unha intensa actividade comercial coas Indias. Naves de América e doutros portos europeos e españois chegan ao porto con mercadorías preciosas, xorde así a necesidade de dotar ao porto dun faro que guíe e faga a navegación máis segura.

Hai 2000 anos, o milenario faro acendía por primeira vez, converténdose nun punto de referencia para os mariñeiros e unha visita obrigada para os viaxeiros. De aí que a torre de Hércules fose declarada Patrimonio da Humanidade.

DOADA LECTURA:

A Torre de Hércules sitúase entre a enseada do Orzán e o Golfo Ártabro. É o faro en funcionamento máis antigo do mundo.

A súa situación estratéxica guiou aos barcos cara a Inglaterra durante moitos séculos. Na Idade Media foi abandonada. As súas pedras utilizáronse para outros usos. Por exemplo, as pedras utilizáronse na construción do Castelo de San Antón.

No século XVIII (o Século Dezaioito correspóndese cos anos que van do ano 1700 ao 1800) recupera o seu uso como faro.

Declararon á Torre de Hércules Patrimonio da Humanidade en 2009.

4.6

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

SÍMBOLOS
E FRECHAS

As iconas empregadas así como as frechas estarán normalizadas e baixo ningún concepto se corresponderán con elementos de deseño abstracto que dificulte a lectura e a súa comprensión.

4.7

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO COGNITIVO

PICTOGRAMAS

As iconas estarán normalizadas. En caso de non existir, os símbolos e pictogramas empregados seguirán os criterios técnicos conforme UNE 1-142-90. En todo caso, os pictogramas indicadores de accesibilidade seguirán os parámetros establecidos pola norma ISO 7000:2004.

5

5

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL



5.1

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

CONTEXTO

Para unha correcta accesibilidade no acceso visual á información disposta na Sinalización Interpretativa dos Espazos Verdes do ámbito que compete, é necesario que esta cumpra unha serie de criterios dirixidos especialmente para aqueles grupos sociais con danos ou deficiencias visuais dalgún tipo. Entre as persoas que demandan este tipo de accesibilidade podemos atopar aquelas con: cataratas, perda de visión media, perda de visión elevada ou total (cegueira), presbicia, glaucoma, astigmatismo, fotofobia...

A través da accesibilidade sensorial visual, conséguese a mellor percepción e identificación dos elementos de sinalización dispostos nas áreas verdes que competen ao concello da Coruña.

Os elementos fundamentais nunha boa accesibilidade visual inclúen a aqueles relacionados co contraste cromático, unha tipografía lexible, equilibrada e cun balance do branco interno proporcionado. Deberá contar cunha correcta percepción dos elementos segundo as súas dimensións e posición física así como o uso axeitado de iconas sinxelas e normalizadas.

A continuación recóllense os criterios que deberá seguir toda sinalización. En caso de dúbida, seguiranse as pautas e recomendacións da UNE 170002. En todo caso, recoméndase contar coa axuda e supervisión de especialistas en accesibilidade visual ou accesibilidade universal.

5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

CROMATISMO

Os elementos de sinalización contrastarán cromaticamente coa contorna na que se sitúen e, á vez, tamén o farán os pictogramas e caracteres sobre o fondo do elemento de sinalización. Nunca se empregarán máis de tres cores.

Por todo isto, aplicaranse os seguintes criterios:

- A estrutura dos elementos de sinalización vertical serán de cor gris escuro, definida anteriormente.
- Os caracteres correspondentes a un título dun soporte xa sexa direccional (“ÁREA CANINA →” “↑MIRADOIRO”) ou identificador (“PARQUE DE SANTA MARGARIDA”, “ÁREA CANINA” “MIRADOIRO”) serán de cor branca.
- Os caracteres correspondentes aos corpos de texto serán de cor branca.
- Os caracteres correspondentes a un subtítulo dun soporte con corpo de texto ou ao corpo de texto mesmo serán de cor branca.
- Recórdase empregar só os subtítulos cando exista corpo de texto no elemento a sinalizar.

5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

CROMATISMO

- Os caracteres correspondentes a unha glosa dun soporte con corpo de texto serán de cor branca.
- Os caracteres correspondentes ao texto en Braille serán da mesma cor que a do seu soporte.
- Os pictogramas que se coloquen sobre a mesma serán de cor branca.
- As frechas direccionais que se coloquen na parte que corresponda no sinal, serán de cor branco.
- No caso de que os elementos corporativos formen parte dos sinais con corpo de texto, a situación destes elementos irá en liña coa situación do código QR ou NaviLens xa sexa na parte superior ou inferior, segundo a Normativa Corporativa Municipal.

5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

MATERIAIS

- En todo caso, o acabado do material de soporte será mate ou, polo menos, cun factor de pulimento inferior ao 15%, tanto no fondo como nos caracteres e pictogramas.
- O material empregado será antirreflectante e situarase en espazos que non xeren sombras.
- As cores empregadas nos caracteres, frechas, pictogramas e outras iconas tamén serán mate.

5.2


GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

ALTURAS DE SINALIZACIÓN

A súa percepción será cómoda. Para soportes verticais, a altura libre inferior, dende o chan, do brazo inferior da estrutura será de 2.20 metros. En soportes horizontais, a altura libre inferior, dende o chan, da estrutura será de 85 centímetros (os caracteres que se atopan na última liña do bordo do ángulo estarán a unha altura sobre o chan de 90 centímetros).



5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS


ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SITUACIÓN: WAYFINDING

Co fin de promover un bo Wayfinding e, con isto, evitar a desorientación e facilitar a accesibilidade espacial:

- En todos os puntos de cruce dos parques, onde se produzan bifurcacións de camiños ou esquinas, situaranse preferentemente elementos verticais de sinalización que indicarán, mediante rótulos dispostos nos brazos deseñados, a dirección dos principais espazos de uso. Por exemplo: aseos, miradoiro...
- Nestes puntos de cruce existirá un rótulo coa indicación da saída máis próxima.



5.2


GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SITUACIÓN: WAYFINDING

- Se en cada itinerario a contorna ten vexetación de talo alto (altura mínima superior da copa de 1.75 metros), pódese dispor de sinalización vertical orientativa-direccional con estrutura vertical de 2.20 metros.
- En caso de que o espazo verde sexa considerado un Ben de Interese Patrimonial, a existencia destes elementos verticais nos puntos de cruce poderá ser flexibilizada ou adaptada baixo a supervisión dunha persoa especialista en Accesibilidade Universal.



5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SITUACIÓN: WAYFINDING

- Se en cada itinerario existe unha contorna con vexetación de talo baixo (altura máxima superior da copa 1.75 metros), poderase dispor de sinalización vertical orientativa-direccional de altura comprendida no varrido ergonómico.
- No caso de que o espazo verde sexa considerado un Ben de Interese Patrimonial, a colocación destes elementos verticais nos puntos de cruce poderá ser flexibilizada ou adaptada baixo a supervisión dunha persoa especialista en Accesibilidade Universal.



5.2



GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SITUACIÓN: WAYFINDING

- A carón do espazo de uso dispórase dun elemento de sinalización vertical indicando o seu uso (rótulo de identificación).



5.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SITUACIÓN: WAYFINDING

- En todos os puntos de cruce dos itinerarios dos espazos verdes deberá disporse dun elemento de sinalización horizontal con plano tiflotécnico onde se reflectirá, como mínimo, a mesma información que a do soporte vertical. Recoméndase que esté apoiado por unha lenda en doada lectura.
- En caso de que o espazo verde sexa considerado un Ben de Interese Patrimonial, a colocación destes elementos en todos os puntos de cruce poderá ser flexibilizada ou adaptada baixo a supervisión dunha persoa especialista en Accesibilidade Universal.
- Cando o elemento a describir conteña unha descrición máxima que equivalla a unha folla de texto (tamaño Arial 12 e entreliñado de 1.5) e utilice debuxos abstractos que non precisen de experiencia háptica, poderanse empregar indistintamente soportes verticais de altura comprendida no varrido ergonómico ou soportes horizontais.
- Cando o elemento a describir conteña unha descrición mínima que equivalla a unha folla de texto (tamaño Arial 12 e entreliñado de 1.5) e utilice imaxes, debuxos abstractos que precisen de experiencia háptica (como pode ser unha icona coas partes da planta a describir) ou planos, sempre se empregarán soportes horizontais.

5.2


GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

ILUMINACIÓN

- As luminarias colocaranse uniformemente e en liña no espazo de uso peonil para conseguir unha iluminación adecuada, segundo os luxes establecidos nas normas correspondentes, especialmente nas interseccións e esquinas para así evitar, entre outros, o risco de tropezo contra os elementos de sinalización.
- Para garantir a súa localización e visualización, resaltaránse os puntos onde se atope a sinalización, especialmente a vertical de dirección-orientación en bifurcacións, esquinas e a sinalización vertical situada a carón do espazo de uso. Utilizarase luces directas sobre esta sinalización, garantindo que non se producirán reflexos nin desmembramentos.



5.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

TIPOGRAFÍA

Toda letra debe ser doadamente lexible, de recoñecemento rápido e sen serifas. A tipografía FF Transit preséntase como un tipo de letra accesible.

Estilo

- Non se empregará o uso do estilo subliñado, sombreado, contorna ou relevo en ningún caso.
- O uso da negra e seminegra poderá empregarse de maneira ocasional cando se queiran destacar as palabras máis importantes en elementos de sinalización con corpos de texto. Aínda así, recoméndase prescindir da súa utilización e, no seu lugar, empregar un texto en doada lectura no remate da descrición.
- Empregarase o uso da cursiva só nos casos nos que se refira a títulos de obras literarias ou artísticas así como no emprego de palabras estranxeiras (que non poidan ser substituídas por unha local).
- Texto aliñado á esquerda e sen xustificacón.

Tamaño de fonte

O tamaño das fontes estará determinado pola distancia que se situará do observador/a segundo os criterios recollidos no Artigo 41 da Orde VIV 561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Tendo en conta que se trata de espazos ao aire libre, adóptanse os seguintes criterios de maneira xeral, podendo adaptarse e flexibilizarse, sempre que se manteña unha proporción co establecido a continuación:

5.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

TIPOGRAFÍA

- En títulos de sinais verticais a altura do caracter será de 28 centímetros (correspondente a 400 puntos).
- En subtítulos de sinais verticais a altura do caracter será de 8,4 centímetros (correspondente a 120 puntos).
- En títulos de doada lectura de sinais verticais a altura do caracter será de 8,4 centímetros (correspondente a 120 puntos).
- En corpos de texto (descricións) de sinais verticais a altura do caracter será de 5,6 centímetros (correspondente a 80 puntos).
- En corpos de texto de doada lectura de sinais verticais a altura do caracter será de 5,6 centímetros (correspondente a 80 puntos).
- En títulos de sinais horizontais a altura do caracter será de 5,6 centímetros (correspondente a 80 puntos).
- En subtítulos de sinais horizontais a altura do caracter será de 4,2 centímetros (correspondente a 60 puntos).
- En títulos de doada lectura de sinais horizontais a altura do caracter será de 4,2 centímetros (correspondente a 60 puntos).
- En corpos de texto (descricións) de sinais horizontais a altura do caracter será de 2,8 centímetros (correspondente a 40 puntos).
- En corpos de texto de doada lectura de sinais horizontais a altura do caracter será de 2,8 centímetros (correspondente a 40 puntos).
- En glosas (de corpos de texto) de sinais horizontais a altura do caracter será de 1,4 centímetros (correspondente a 20 puntos).

5.3

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

TIPOGRAFÍA

Separación entre a fonte e os bordos do rótulo

Co fin de facilitar o acceso á zona ergonómica segundo criterios hápticos e Braille e segundo os criterios recollidos no Artigo 44 da Orde VIV 561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, establécese o criterio unificador dunha distancia de 3 cm entre todas as marxes do rótulo e o texto.

5.4

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

PRESENTACIÓN DA SINALIZACIÓN EN CORPOS DE TEXTO

Ademais do establecido no apartado 4.5 “Presentación da sinalización en corpos de texto” do Capítulo 4 “Acceso Cognitivo”, seguiranse as seguintes pautas:

- Utilizarase un entreliñado de 1,5 adecuándoo ao tamaño da tipografía e ao tamaño do soporte.
- O corpo de texto só estará aliñado e axustado á esquerda.
- Empregarase unha única columna sempre que sexa posible, evitando a división en varias columnas (non se recomenda que sexa superior a dúas columnas).
- Recoméndase que cando haxa máis de noventa caracteres na mesma liña, o corpo de texto se estableza en dúas columnas.
- Ante dúas columnas, a separación horizontal entre ambas, recoméndase que sexa de 5 centímetros.
- Ante a separación do corpo de texto e o título de “Doada lectura” tamén se recomenda respectar unha distancia vertical de 5 centímetros xa sexa en soporte vertical como en horizontal. O entreliñado do seu corpo de texto seguirá os mesmos criterios do que o do texto restante.

5.5

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SIMBOLOXÍA: UTILIZACIÓN SÍMBOLO INTERNACIONAL DE ACCESIBILIDADE

Con motivo de identificar o acceso e posibilidades de uso dos espazos verdes da Coruña, deberanse sinalizar permanentemente co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA) homologado os seguintes casos:

- Itinerarios peonís accesibles dentro das áreas de estancia das zonas verdes sempre e cando existan outros itinerarios que non sexan accesibles.
- Nas áreas verdes, as prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e os itinerarios peonís accesibles de acceso a elas.
- As cabinas de aseo público accesibles.
- As cabinas de información, casetas de observación, casetas de exposición, áreas caninas, parques e outros espazos ou recintos pechados que sexan accesibles que se sitúen nos espazos verdes.



5.5

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

SIMBOLOXÍA:
UTILIZACIÓN SÍMBOLO
INTERNACIONAL DE
ACCESIBILIDADE

Recomendación

Co fin de garantir unha información correcta e completa sobre a accesibilidade dos espazos verdes, propónse dispor a carón do SIA os símbolos específicos de accesibilidade (presentados no Anexo Pictogramas desta Guía) segundo o espazo sexa accesible de maneira física, sensorial visual, sensorial auditiva e/ou cognitiva.

Os símbolos oportunos conforme as características de accesibilidade do espazo, atoparanse no soporte de sinalización en cada unha das entradas do espazo verde así como no comezo e final de cada un dos itinerarios peonís accesibles.



5.6

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

PICTOGRAMAS

Os pictogramas serán símbolos estándares e recoñecidos internacionalmente (Ver Anexo Pictogramas). En todo caso, empregaranse do seguinte xeito:

- Sinxelos, cun número máximo de catro elementos. En ningún caso ningún elemento principal terá unha dimensión inferior a 3 centímetros (en ambos eixos).
- En caso de non estar estandarizado, crearase seguindo os criterios das normativas UNE 170002, UNE ISO 9186-1 e UNE ISO 9186-2.
- A altura do pictograma de sinalización direccional ou identificadora corresponderase coa altura dos caracteres de Título empregados na rotulación correspondente, xa sexa horizontal ou vertical.
- As dimensións AltoxAncho serán proporcionais.
- Os pictogramas secundarios que conforman paneis, planos tiflotécnicos, etcétera dos diferentes elementos de sinalización poderán ter unha dimensión menor. A súa dimensión mínima será de 3x3 centímetros.

5.7

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

FRECHAS

Os símbolos das frechas empregados estarán normalizados (Ver Anexo Pictogramas). Ademais a súa lonxitude, altura e grosor estarán proporcionados.

- A altura da frecha corresponderase coa altura dos caracteres de Título empregados na rotulación correspondente, xa sexa horizontal ou vertical.
- A súa lonxitude será un 20% superior á altura da frecha.
- Estarán situadas á esquerda do pictograma e do texto nos rótulos se indican dirección á esquerda, cara diante ou cara abaixo.
- Estarán situadas á dereita do pictograma e texto nos rótulos se a súa dirección indica á dereita.

5.8

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

IMAXES

As imaxes só se empregarán en soportes verticais con corpo de texto e en aqueles horizontais. Nunca substituirá ao pictograma no seu carácter identificativo de uso do espazo.

Ademais, seguirán os seguintes criterios:

- Usaranse imaxes en cor e alta resolución.
- Toda imaxe terá un breve pé de páxina na parte inferior da mesma, aliñado á esquerda da imaxe. O tamaño será o mesmo que o da glosa.

5.8

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO VISUAL

PERCEPCIÓN VISUAL

IMAXES

- Toda imaxe incorporará un código QR no bordo inferior dereito da fotografía, segundo as dimensións indicadas no Capítulo “Acceso Háptico: Códigos QR”. O contido deste código será a descrición da imaxe segundo os criterios establecidos na UNE 153020 para persoas con discapacidade visual.

6

6

GUÍA DE ACCESIBILIDADE
CRITERIOS XERAIS

ACCESO HÁPTICO



6.1

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO HÁPTICO

CONTEXTO

Contar cunha sinalización que permita a súa percepción a través do sentido do tacto é imprescindible para persoas cunha perda de visión elevada ou total. Por extenso, está vencellada a todo ese conxunto de sensacións non visuais nin auditivas que presenta o ser humano.

Para que os receptores sensoriais situados en todo o corpo, especialmente nas mans no caso da sinalización, reciban a información correcta no contacto activo do sistema sensorial, resulta de vital importancia un correcto uso do altorrelevo, Braille, pavimento podotáctil así como de axudas técnicas auditivas (códigos QR e sistema NaviLens) que complementen o sistema háptico de sinalización.

En todo caso, non hai que esquecer que hai persoas con deterioro no sistema somatosensorial que perden o sentido do tacto nalgúns casos. Por iso, nesta situación é importante o acceso cognitivo, visual, auditivo e físico.

6.2

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO HÁPTICO


SIMBOLOXÍA E TIPOGRAFÍA: ALTORRELEVO

Todo símbolo ou carácter de tipo Título ou Subtítulo que se atope na área de varrido ergonómico deberá atoparse en altorrelevo.

Os símbolos que se empreguen, especialmente os pictogramas, deberán ser de trazado sinxelo para unha mellor percepción en altorrelevo.

Os parámetros a seguir no altorrelevo serán os seguintes:

- O relevo de letras e símbolos, deberá ter unha altura mínima de 0,5 milímetros e unha altura máxima de 5 milímetros. O relevo non deberá ser inferior a 1 milímetros en letras e 2 milímetros en símbolos. Recoméndase adoptar unha altura de relevo de 2 milímetros para ambos casos co fin de simplificar.
- O ancho do trazo estará comprendido entre 1,5 milímetros e 4 milímetros. Os bordos da simboloxía estarán suavemente redondeados.
- O espazo entre os caracteres ou os elementos para facilitar a percepción háptica oscilará entre 5 milímetros e 10 milímetros en función do tamaño dos caracteres.
- No caso das frechas, situaranse xunto ao texto a unha distancia de 20 milímetros e a unha distancia de 10 milímetros en Braille.



Recomendacións

Ademais, recoméndase que calquera sinalización que conte con descrições de elementos de interese ou singulares incorporen unha abstracción simplificada de dito elemento mediante a súa icona.

6.3


GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO HÁPTICO

BRAILLE

Contarase coa posibilidade da utilización de textos en Braille sempre que o texto se sitúe dentro da altura comprendida no varrido ergonómico. En todo caso, cumprirase co seguinte criterio:

- Os caracteres en Braille situaranse na parte inferior esquerda da sinalización a unha distancia de 3 centímetros da marxe esquerda e inferior do rótulo cando sexa para indicar que se atopa información en QR/NaviLens á súa dereita en liña.
- Os caracteres en Braille situaranse inmediatamente debaixo do texto (título/subtítulo) na parte inferior esquerda da sinalización.



Os elementos de sinalización que sempre deberán contar con Braille son:

- Sinalización Panel de acceso ao espazo verde: “Título” do espazo.
- Sinalización vertical de varrido ergonómico ou sinalización horizontal de dirección, descrición... Os “Títulos” estarán en Braille. No caso de contar con explicacións (corpos de texto), na parte inferior da sinalización redactarase en Braille a seguinte frase: “Información no código QR/NaviLens da dereita”. Precisamente, á dereita, e respectando unha marxe de 3 centímetros respecto dos bordos inferior e dereita do soporte, atoparase o código QR ou NaviLens coa información, como mínimo, do panel.
- As numeracións dos espazos do plano tiflotécnico así como a súa lenda situada na esquina inferior esquerda.
- Todos aqueles rótulos situados dentro do varrido ergonómico nos que se inclúa información relativa á accesibilidade do Espazo Verde como, por exemplo, itinerario peonil accesible, aseo adaptado,...

6.4

GUÍA DE ACCESIBILIDADE CRITERIOS XERAIS

ACCESO HÁPTICO

PLANOS TIFLOTÉCNICOS

Co fin de facilitar a orientación en espazos verdes de grandes dimensións, disporase no acceso aos mesmos e nas bifurcacións principais de planos tiflotécnicos.

Os planos tiflotécnicos son planos táctiles que teñen por finalidade ofrecer a persoas con discapacidade visual a información espacial precisa para poder orientarse na contorna.

Estes elementos deberán contar cos seguintes criterios:

- Só se colocarán en soportes horizontais.
- Representarán os seguintes elementos: contorna simplificada do espazo, punto de situación actual “vostede está aquí”, itinerarios máis utilizados ou de maior interese, itinerarios accesibles así como as áreas de especial interese (sempre que o seu acceso non supoña un perigo para persoas con discapacidade visual).
- En todo caso, o seu deseño se realizará baixo a supervisión dunha persoa especialista en Accesibilidade Universal.
- A representación gráfica do plano (liñas, superficies, curvas...) realizarase mediante relevo e contraste de textura segundo os criterios de altorrelevo.
- Serán as liñas da figura as que se atopen en altorrelevo e non a totalidade da figura (plano, iconas, pictogramas,...)
- As lendas deberán mostrarse en árabigo e en Braille.
